



**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**



  
**concellería  
de igualdade**

Consello Municipal da Muller

## **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER-8 DE MARZO**

### **VIGA. DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA**

Organizada polo Consello Municipal da Muller, a Praza 8 de Marzo acollerá, o domingo 7 de marzo, unha xornada repleta de actividades de música, títeres, lectura, graffiti, humor e agasallos.

#### **Vigo, 1 de marzo de 2010**

Con motivo do Día Internacional da Muller, o Consello Municipal da Muller de Vigo celebrará o vindeiro domingo 7 de marzo un encontro na Praza 8 de Marzo co obxectivo de gozar dunha xornada de convivencia e de reivindicación.

As actividades previstas, que se prolongarán durante toda a xornada neste espazo (situado entre os números 89 e 91 da rúa Camelias), transformarán esta céntrica praza nun lugar de encontro das mulleres da cidade e do público en xeral, xa que no programa están incluídos actos para nenas e nenos e persoas adultas.

Así, de xeito ininterrompido de 10.00 a 20.00 horas desenvolverase unha completa programación que persegue a participación activa das persoas que asistan. O público poderá contribuír, coas súas mensaxes, á elaboración dun mural e colaborar na lectura de textos seleccionados relativos á situación da muller. Tamén haberá agasallos para quen asista.

Así mesmo, durante toda a xornada poderá visitarse a exposición fotográfica "Mulleres 2010", organizada pola Concellería de Igualdade, e na que se amosa un abano de imaxes de mulleres que viven, traballan e medran en Vigo e na súa contorna e que compartiron ás súas experiencias e as súas historias. O obxectivo da mostra é facelas visibéis, recoñecerlles o seu valor e esforzo e crear referentes para outras mulleres que poidan obter delas ánimos e folgos.

Ao igual que nas pasadas edicións da festa, varias artistas graffiteiras elaborarán in situ unha grande obra relativa á celebración do 8 de Marzo. Os traballos realizados nas edicións de 2008 e 2009 permanecen na Praza 8 de Marzo e xa forman parte da paisaxe urbana deste espazo.

#### **Música e espectáculo para todos os gustos**

A ambientación musical realizarase no interior dunha carpa instalada na praza e incluírá sesións animadas por Djs, así como actuacións de punk-rock, folk, zanfonas ou pandereiteiras. Pola súa parte, as actrices "Catuxa e Pituxa", serán as encargadas de dinamizar as actividades que se desenvolverán durante a xornada, a través do seu espectáculo "Mandanelas".



## DEREITOS DAS MULLERES A REVOLUCIÓN CREATIVA



concellería  
de igualdade

Concello Municipal da Muller

Ás 11.00 horas actuará o grupo de pandereiteiras "Tarambainas", da AVCD Lavadores e ás 11.30 horas comezará outra actuación musical a cargo dun grupo de zanfonas. Ademais, "Sinais no ar" é o nome da actuación musical que ofrecerá a violinista Laura Quintillán a partir das 12.45 horas.

Ás 13.00 horas, dará comezo a actuación de "Lulavai", unda das máis delicadas e intimistas formacións de música galega actual (4 arpas e 4 voces), que interpretará temas tradicionais e de composición propia.

As nenas e os nenos que se acheguen á praza tamén poderán participar en diversas actividades, como as que ofrecerán, ás 12.00 horas, as titiriteiras Larraitz e Mirari Urruzola, da compañía "Babaluva". A obra que representarán, "Marusía", é unha fascinante aventura en teatro de guiñol tradicional. Pola súa parte, ás 17.00 horas, estas artistas porán en escena "Lume", unha emocionante aventura en teatro de obxectos. Así mesmo, pequenas e pequenos, recibirán diversos agasallos (globos, contos...).

Pola tarde, ás 18.00 horas, soará na praza "Agoraphobia", unna banda de punk-rock formada por catro rapazas procedentes de Boiro que teñen amosado unha gran proxección.

Tras esta actuación, ás 19.00 terá lugar a lectura do Manifesto do Consello Municipal da Muller co gallo do 8 de Marzo e ás 19.30 horas, o grupo "As Routadas" ofrecerá a actuación fin de festa na que a música folk será protagonista.

### "VIGA. Dereitos das Mulleres. A revolución creativa "

Todos e cada un dos elementos presentes na praza terán a imaxe deste encontro, VIGA, que baixo o lema "Dereitos das Mulleres. A revolución Creativa" propón a utilización da creatividade activa na loita cara á igualdade e para rematar coa discriminación que sofren ás mulleres. Pola súa parte, VIGA representa un simbólico cambio de xénero no nome da cidade. Un cambio formalmente pequeno que implica unha revolución. Unha provocación ante os prexuízos. Fronte á conservación incondicional de valores tradicionais, unha mensaxe clara de que todo é susceptible de ser cambiado.

Para facer chegar á cidadanía este evento, o Consello Municipal da Muller está a levar a cabo unha campaña informativa que inclúe o reparto de 20.000 folletos, distribuídos en todos os barrios da cidade, así como en entidades veciñais e outros colectivos sociais. Ademais, a campaña está a utilizar outros soportes, como o transporte público urbano.



**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**



**concellería  
de igualdade**

Consello Municipal da Muller

### Consello Municipal da Muller

O Consello Municipal da Muller de Vigo está integrado por un total de 20 entidades, entre as que figuran representantes de asociacións de mulleres, grupos políticos con representación municipal, secretarías da Muller dos sindicatos, a Concellería de Igualdade e o Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.

Na actualidade, conforman o Consello as seguintes asociacións: Asociación de Mulleres Lúa; Asociación de Mulleres Rosalía de Castro; Asociación de Mulleres Dorna; APM Concepción Arenal; Feministas Independentes Galegas; Mulheres Nacionalistas Galegas; Asociación de Mulleres Progresistas; Asociación de Mulleres de Bouzas, Asociación de Mulleres Xestas; Colectivo Violeta; Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo; Vogalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo; Secretaría da Muller da CIG; Secretaría da Muller de CC.OO; Secretaría da Muller da UGT; Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, Grupo Municipal do BNG; Grupo Municipal do PSdeG-PSOE; Grupo Municipal do PP; Servizo Galego de Igualdade.

### Outras actividades complementarias

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, a Consello Municipal da Muller tamén organizou un programa de actividades que se desenvolverán durante todo o mes de marzo e que inclúe exposicións, ciclo de cine, proxeccións de documentais e celebración dun pleno no que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller.

Así, ata o 5 de marzo permanecerá aberta na Casa das Mulleres (Rúa Romil, 20) a exposición "**Feminismo Galego. Cambios Sociais e dereitos das mulleres**". A mostra, organizada pola Fundación Galiza Sempre, pode visitarse de luns a venres en horario de 17.30 horas a 21.30 horas.

Outra das actividades previstas é un Ciclo de Cine, en colaboración co Cine Clube Lumiere, que se celebrará todos os luns de marzo no Centro Cultural Caixanova e que consta de 4 películas:

Día 1 de marzo: "**Sukkar Banat**" (Caramel), de Nadine Labaki, ás 20:30 horas (Sala de Conferencias).

Día 8 de marzo: "**En attendant les hommes**" (Esperando aos homes), de Katy Léna Ndiaye, ás 21:30 horas. (Sala de Conferencias).

Día 15 de marzo: "**Sara**" (Sara), de Silvia Quer, ás 20:30 horas (Sala de Conferencias).

Día 22 de marzo: "**North country**" (En terra de homes), de Niki Caro ás 20: 30 horas (Sala de Conferencias).

Ademáis, o Consello Municipal da Muller organiza a proxección da película "**La Isla de Nim**", dirixida ao público familiar e infantil, que


**DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA**


concellería  
de igualdade

Consello Municipal da Muller

terá lugar na Casa das Palabras-Verbum (Avda. Samil) o sábado, 6 de marzo, ás 12.00 horas.

Por outra parte, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) será escenario da proxección de dous documentais:

Martes, 2 de marzo: *"Señora de"*, da realizadora e guionista Patricia Ferreira. Esta obra, producida por O Raio Verde, amosa a testemuña de trece mulleres galegas de distintas xeracións na España franquista. (19 horas).

Martes, 9 de marzo. *"Talleres Salonarti. Sociedad La Artística"*. Dirixido por José Gil e producida por Galicia Cinegráfica, é dun dos primeiros documentos que reflicte o traballo das mulleres na industria conserveira. (19 horas)

Todas estas actividades, incluídas no programa elaborado polo Consello Municipal da Muller, son gratúitas e con aforo limitado.

Así mesmo, co gallo do 8 de Marzo celebrarase no salón de plenos do Concello de Vigo unha sesión plenaria específica na que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller. A sesión, aberta ao público, terá lugar o 8 de marzo, ás 11.00 horas.

P R E N S A



DEREITOS DAS MULLERES  
A REVOLUCIÓN CREATIVA



concellería  
de igualdade

Consello Municipal da Muller